

A LOITA BIOLÓXICA CONTRA O CANCRO DO CASTIÑEIRO *CRYPHONECTRIA PARASITICA*



SÍNTOMAS E DANOS

É unha enfermidade producida polo fungo *Cryphonectria parasitica*, sendo orixinario de Asia, e descrita por vez primeira en Estados Unidos, e que se entendeu posteriormente por Europa. En España detectouse por primeira vez en Galicia en 1974. O proceso de infección de *Cryphonectria parasitica* comenza ao penetrar as esporas na casca do castiñeiro a través de aberturas naturais ou feridas provocadas polo home, insecto, etc. O patóxeno ataca principalmente ao tronco e ramas da árbore.

Deste xeito, interrómpese a subministración de savia no tronco ou rama afectada, o que produce murchamento das follas e ramas e o decaemento xeral nas árbores dos brotes e das xemas longamente durmidas xusto debaixo do cancro. A planta sofre un proceso de necrose na parte afectada da planta.

Outros síntomas son: casca rachada nas partes centrais do cancro e madeira ao descuberto, pústulas vermello-alaranxadas, ou aparición de brotes adventicios debaixo da infección. As follas da parte infectada secan e mantéñense na árbore durante o inverno do mesmo ano.

Dende o ano 2003, a Xunta de Galicia está a realizar tratamentos experimentais de control biolóxico do cancro do castiñeiro mediante a utilización de cepas hipovirulentas, entendendo como tales aquelas cepas do fungo que provocan a cicatrización espontánea dos cancrs activos ao seren inoculadas no punto de infección. Unha vez instaladas as cepas hipovirulentas, estas poden reproducirse naturalmente mediante esporas, o que limita a expansión da enfermidade.

METODOLOXÍA




Realízanse buracos cun sacabocados en toda a profundidade da casca e a lonxitude do límite, situándoos sempre na parte sa, cunha distancia de 5-10 cm entre eles.

En cada buraco feito, procédese a inxectar o micelio hipovirulento compatible. A continuación, cada buraco tratado tápase cunha cinta adhesiva para evitar deste xeito a perda ou desecamento do micelio.



Para rematar, as árbores inoculadas serán marcadas, e tomaranse as súas coordenadas para a súa posterior análise e seguimento.

PLANO DE CUADRÍCULAS PARA DISTRIBUCIÓN HOMOXÉNEA DE CEPAS HIPOVIRULENTAS.



O Plan de Actuacións de loita contra as enfermidades do castiñeiro en 2020 recolle as actuacións relativas ao control biolóxico de *Cryphonectria parasitica*, que se levarán a cabo durante o presente ano. As actuacións que realiza a Consellería do Medio Rural reflíctense no Plan anual de actuacións contra as enfermidades do castiñeiro 2020. Pode encontrar información ao respecto na páxina web da Consellería do Medio Rural.

https://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/silvicultura/sanidade_forestal/

A realización dos lugares de tratamento farase a través dunha cuadrícula de mostraxe, coa fin de que os tratamentos queden distribuídos homoxeneamente nas zonas de presenza de castiñeiro, se poidan instalar as cepas hipovirulentas e se reproduzan naturalmente mediante esporas.

MEDIDAS CULTURAIS

- Desinfectar todas as ferramentas de corte con lixivia ou alcohol ao 50%-70%.
- Facer cortes de poda e recepas limpas que permitan a evacuación da auga de choiva.
- Selar as feridas, sempre que sexa posible, con produtos tipo «mastic».
- Eliminación dos pés moi afectados pola enfermidade.

CONDICIÓNS PARA O TRATAMENTO

1. Achegar a documentación que acredite a propiedade dos predios solicitados, se lle é requirida.
2. Manter as masas de castiñeiro na parcela onde o tratamento foi realizado durante polo menos 5 anos, logo da súa realización.
3. O tratamento estará condicionado á presenza da enfermidade producida polo fungo *Cryphonectria parasitica*.
4. A elección das árbores que se van tratar realizarase por parte dos técnicos responsables do tratamento e será executada para obter unha boa distribución en Galicia dos pés tratados e así conseguirase a dispersión natural das cepas hipovirulentas.
5. O tratamento é gratuíto.
6. Os castiñeiros terán un diámetro mínimo de 25 cm para poder ser realizado o tratamento.
7. O tratamento realizarase na campaña do ano 2020, sempre e cando os lugares solicitados se axusten ao Plan de actuación de dispersión de cepas hipovirulentas de *Cryphonectria parasitica* para o ano 2020 que se está realizando en Galicia.

LUGARES ONDE PODE CONSEGUIRSE O MODELO DE SOLICITUDE PARA O TRATAMENTO EXPERIMENTAL

Xefaturas Territoriais da Consellería do Medio Rural
Servizos Provinciais de Montes
Oficinas Distritos Forestais
Oficinas Agrarias Comarcais

Na páxina web da Consellería do Medio Rural:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/sanidade-forestal>

LUGARES DE PRESENTACIÓN DO MODELO DA SOLICITUDE PARA O TRATAMENTO EXPERIMENTAL, preferiblemente mediante un correo electrónico ao enderezo:

Sanidadeforestal.cmr@xunta.gal

Así mesmo, poden presentarse nos mesmos lugares onde se obtén o modelo solicitude.

Tamén pode recibir información en:

A CORUÑA	Servizos de Montes	OURENSE
981 184 575		988 386 695
LUGO		PONTEVEDRA
982 294 531		986 805 411

Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos: 981 546 127



PLAN DE LOITA BIOLÓXICA FRONTE O CANCRO DO CASTIÑEIRO (*CRYPHONECTRIA PARASITICA*)

XUNTA DE GALICIA